

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía de Galicia reclama respecto á intimidade das menores afectadas polo asasinato de Diana Quer

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018 - O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reclama tanto aos medios de comunicación como a profesionais, tamén da psicoloxía, especial respecto á intimidade das menores que se ven afectadas pola intensa cobertura mediática do asasinato de Diana Quer.

O día 3 de outubro de 2017, o **Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** celebraron unha **Xornada sobre Información e Sufrimento Humano**. Nesta xornada presentaron un **documento** elaborado a modo de **recomendacións** que sinala que:

“Ambos os dous colexios entendemos como básico o compromiso ético das nosas intervencións profesionais, especialmente cando tratamos con feitos ou procesos que colocan aos seus e ás súas protagonistas en situación de vulnerabilidade.

A nosa colaboración quere constituír unha chamada de atención sobre as eivas que detectamos con frecuencia na elaboración de noticias, especialmente nas informacións relacionadas co sufrimento humano. Son carencias que, moitas veces, non respectan o dereito a intimidade e á propia imaxe das vítimas e que, noutras, acaban por incrementar a súa dor.

Á hora de aborda-la información relativa a menores resulta esencial ter en conta o “superior interese do menor”, é dicir, “facer prevalecer os dereitos dos/das menores sobre de calquera outro, incluído o dereito a información.

A relevancia do “superior interese do menor” cobra especial importancia cando a información pode categorizarse pola súa natureza negativa (episodios de violencia, maltrato, menosprezo, vexación, ultraxe...). **O obxectivo é protexer o menor, non só desde a inmediatez, senón a longo prazo, tratando de que os erros que puidese ter cometido ou as circunstancias en que se teña desenvolvido a vida do menor produzan o impacto máis leve posible na súa vida como adulto.**

É por iso que este Colexio Oficial recomenda aos/ás profesionais da Psicoloxía e do Xornalismo que no seu labor teñan sempre presentes estas recomendacións, pero máis aínda, en días coma estes en que a dor dunha familia con menores e un pobo está en carne viva.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal